




concello de **BETANZOS**
separata 09



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	7
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	7
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	9
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	13
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	16
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	18
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	20
8.	ANEXO PLANOS	32



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.



Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A zona de Betanzos presenta unha longa historia documentada, xa dende época romana baixo o nome de Flavium Brigantium. En 1212, a primitiva localización da poboación situada en Tiobre, coñecido actualmente como Betanzos O Vello, obtén o título de Villa concedido polo rei Afonso VIII de Castela. A partir de 1219, baixo o reinado de Afonso IX de León, Betanzos traslada a súa situación a Castro Untia. No século XIV hai as primeiras noticias da existencia de hospitais en Betanzos, aínda que hai constancia da existencia da Orde de "Santi Spiritus" con anterioridade.

Fernán Pérez de Andrade "O Bó" foi o promotor do Hospital de San Bartolomé en 1396, *"para se en el acojeren los pobres e peregrinos por amor de Dios"*. Primitivamente situado na rúa Travesa e posteriormente no soar contiguo á ponte Vella. Edifícaa sobre un soar *"que fuera hospital de viejo tiempo"*, ao que engadiu outro adquirido para completar o espazo que requiría a nova institución.

Con respecto ao Hospital de San Cristóbal, existe pouca información documental. Sobre este hospital o presbítero Verin di en 1812 que *"El Hospital de San Cristobal estaba en la calle de San Francisco, y me acuerdo de muchacho haber visto la imagen de San Cristobal esculpida en una gran piedra arrimada a la pared de una plazuela frente al atrio baxo del mismo Convento la que después desapareció"*. Este hospital era utilizado polos peregrinos. Así consta nas respostas ao interrogatorio xerado pola petición elevada ao Rei, como consecuencia do devastador incendio padecido pola cidade en 1569. As testemuñas declaran que: *"En esta quema ardieron las edificaciones más principales, como fueron el Hospital de Nuestra Señora de la Anunciata (HOSPITAL REAL), el monasterio de San Francisco, las casas del Ayuntamiento y el Hospital de San Cristobal, que era muy principal y provechoso para dicha ciudad, por la caridad que en el se hacia de uso y costumbre, recogiendo a todos los pobres y peregrinos que a ella venían, que tuvieron que refugiarse en la casa de los Alfolíes de la Sal, pasando por ello mucha calamidad"*

A creación do Hospital Real Da nosa Señora da Anunciata supuxo a absorción do hospital de San Bartolomé e do hospital de San Cristóbal, converténdose entón no único hospital existente na cidade. Segundo documentos de 1607 do Arcebispado de Santiago, construíuse en terreos situados extras muros, entre as murallas da cidade e o río Mandeo, onde actualmente se acha a Comunidade das Madre Agostiñas, na rúa da Fonte de Unta.

O Emperador Carlos V deixa constancia do tránsito de romeiros e peregrinos cara a Compostela, na súa Provisión Real do 24 de Xaneiro de 1550: *"se ha comenzado a hazer e se haze un hospital grande que ay muy grand necesidad, a causa del pasaje e romería e concurso de la gente e peregrinos pobres que por allí pasan en romería a Señor Santiago, en que por no le aver auido hasta aqui an perescido algunos, e de cada día resçiben gran trabajo e fatiga"*. No verán de 1569, un incendio xeral arrasa a cidade e o hospital da Anunciata é pasto das chamas. Este hospital desaparece finalmente no século XVII.

A finais do século XVII, Antonio Sánchez de Taibo funda o Hospital de San Antonio de Padua, situado extras muros e próximo á ermida de San Roque. Tras as numerosas reformas sufridas pola construción, só se conservan da fábrica orixinal un claustro, o arco e as escaleiras. Actualmente é sede do Xulgado de Primera Instancia e Instrución.

Hai constancia de que as instalacións do hospital eran para uso de veciños e os peregrinos que pasaban por Betanzos. Así consta no documento de privilexio outorgado polo Rei Carlos II o 23 de Decembro de 1676, sobre o "Juro del Hospital de San Antonio de Betanzos" situado nas rendas de salinas do Reino de Galicia. No documento consta que: *"Otro si vi una scriptura de fundazion que los dichos antonio sanchez de taivo y viloças y doña estephania de valencia y guzman su muger de Madrid a diez de abril de el año de seisientos y setenta y quatro ante ysidro martinez scrivano... y atendiendo a que en la ciudad de vetanços no ai hospital donde se curen sus enfermos ni los de su jurisdicion ni en la Ciudad de la Coruña... se halla..."*

con mui precisa obrigación de acudir a tan piadoso reparo... de un acuerdo y a onrra y gloria suia y del Glorioso Apostol Señor Santiago patron unico de España y de el vien aventurado san antonio de padua su avogado y del maior aumento y alivio de la ciudad de vetanços refuxio, amparo, consuelo y conveniencia de sus vecinos y de los de su jurisdizion Y DE LOS PEREGRINOS QUE PASSASEN POR ELLA A LOGRAR LA DEVOCION DE EL SANCTO APOSTOL Y DE SUS JUVILEOS y que para labrar el dicho ospital la dicha ciudad nos señaló... el campo de la feria".

No libro de visitas hai numerosas referencias en relación á estanza destinada a peregrinos. Unha delas é a visita realizada polo Arcebispo de Santiago en decembro de 1679, onde se detalla o inventario do hospital entre o que se encontran as camas destinadas a peregrinos. O 19 de marzo de 1732, José de Yermo e Santivañes, Arcebispo de Santiago, da a razón da grande afluencia de peregrinos. Nos libros de rexistro figuran numerosos peregrinos franceses, alemáns, italianos, españois e doutros países, cos detalles de asistencia que precisaron e os que nel faleceron.

É habitual a constancia da situación de Betanzos na cartografía histórica. Dada a súa importancia e a súa estratéxica situación, é citada en numerosos documentos como as anotacións da viaxe de 1745 realizada polo Padre Sarmiento ou o inventario de camiños medievais de Elisa Ferreira. Betanzos é un histórico nó de comunicacións e no que respecta ás rutas de peregrinación xacobeas, non é só paso do Camiño Inglés senón punto de confluencia do antigo camiño que viña dende Vilalba polo Camiño do Norte.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O trazado entra no municipio de Betanzos a través dunha estrada veciñal que une o núcleo de Chantada coa igrexa de San Martiño de Tiobre. Coas marismas da ría de Betanzos á vista, o peregrino continúa por unha estrada que entre prados, terreos de labor e arboredo autóctono disperso chega a San Paio. Aquí déixase unha pequena carballeira a man esquerda e gáñase altura ata ter á vista a igrexa románica de San Martiño de Tiobre.

Deixando atrás a igrexa de Tiobre, xa aparece á vista a poboación de Betanzos, no fondo do val. Continuando con dirección sur por unha estrada veciñal, comeza o descenso e chégase ao núcleo de O Barral. Na bifurcación tómase o desvío á esquerda, sempre por estrada ata chegar a un novo cruzamento onde se xira á dereita, para recuperar a dirección sur. En constante descenso, a estrada discorre entre noiros vexetais mentres empezan a asomar as primeiras edificacións de Caraña de Arriba. A chegada a este núcleo prodúcese no paso sobre o regato de Caraña.

As vivendas de Caraña sitúanse en torno ao cavorco formado polo regato. O trazado ascende pola estrada que conduce á AC-0906. Cruzada esta estrada, a ruta toma a estrada AC-0902 que conduce ao cemiterio de Betanzos. A estrada discorre entre noiros vexetais e os muros exteriores do cemiterio. O peregrino chega ao Santuario de Nosa Señora do Camiño ou dous Remedios. A chegada prodúcese pola fachada norte do templo, o cal ten a súa fachada principal fronte á rúa Nosa Señora do Camiño. Continuando por esta rúa adoquinada, o trazado descende entre exemplos de arquitectura tradicional con corredores de madeira. Deste xeito conflúese coa estrada N-651 que aquí forma unha travesía cuxo nome é rúa de Saavedra Meneses.

Tras un curto tramo por esta rúa o peregrino chega á Ponte Vella, que cruza sobre o río Mandeo e dá paso ao casco histórico de Betanzos. O paso por Ponte Vella proporciona ao camiñante un agradable ámbito onde o casarío apiñado de Betanzos asoma sobre a porta da antiga muralla. O ámbito complétase coa estampa das barcas dos caneiros amarradas en ambas as dúas ribeiras e a solemnidade do convento das Agostiñas Recoletas.

Tras pasar baixo o arco de pedra da porta da Ponte Vella, accédese ao casco histórico brigantino pola rúa da Cerca. Xirando cara ao sur por esta rúa de firme empedrado, chégase á rúa dous Prateiros, a través da cal se salva o desnivel coa parte alta da vila. Entre notables exemplos de arquitectura tradicional chégase á Porta da Vila. Dende aquí descéndese comodamente á Praza García Hermanos.

O trazado atravesa a maior praza brigantina, deixando no lado esquerdo as fachadas con soportais onde se concentran as terrazas dos establecementos de hostalaría e a igrexa de Santo Domingo, xunto ao edificio que albergou ao convento do mesmo nome no que actualmente ten a súa sede o "Museo das Mariñas". No lateral dereito teñen a súa fachada cara á praza os edificios públicos dos Xulgados e do Concello. Deixando atrás a praza onde se celebran os mercados e feiras de Betanzos, abandónase o casco histórico e a ruta continúa ascendendo pola rúa de Rollo. Seguindo por esta rúa, procédese ao descenso cara as Cascas.


A ponte de pedra Das Cascas cruza sobre o río Mendo e marca a saída da zona urbana de Betanzos. Cruzando a estrada AC-840, tómase a rúa das Cascas, paralela á citada estrada. Esta rúa ascende con decisión e realiza varias curvas pasando por O Coto. En constante ascenso, o trazado avanza por unha estreita estrada, entre os muros laterais de contención no lado esquerdo e os peches de terreos no dereito. En O Farragoto esta estrada se interna nun bosque onde os eucaliptos se alternan cos carballos e outras

especies autóctonas. Crúzase sobre a vía do ferrocarril A Coruña - Monforte e continúaase en suave ascenso baixo o arboredo ata pasar sobre a autovía A-6.

Inmediatamente despois de cruzar sobre a autovía, xírase á dereita por unha estrada paralela a esta. Pouco despois toma unha estrada á esquerda que avanza entre noiro vexetal e masas boscosas. Pouco despois aparecen as primeiras vivendas de Xanrozo, situadas de xeito disperso entre prados e terreos nun relevo ondulado. O ámbito ofrece unha paisaxe grata na que se alternan pequenas edificacións de arquitectura tradicional con bosques de ribeira e terreos herbosos.

A estrada pola que discorre o trazado gaña altura ata desembocar na AC-0105. O trazado prosegue pola devandita estrada, que forma unha travesía ao seu paso por Xanrozo, contando con beirarrúas en ambos os dous lados da calzada. Á altura das últimas vivendas da poboación, o trazado toma un camiño pavimentado que se interna nunha zona boscosa onde se alternan piñeiros, eucaliptos e carballos, chegando ao límite municipal con Abegondo.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Betanzos. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO



TRAZADO 1997



O trazado do Camiño no Concello de Betanzos presenta dúas variacións respecto ao Camiño de 1997. As dúas sitúanse entre San Martiño de Tiobre e Caraña de Abaixo, sendo ao longo do resto de discorrer do Camiño polo Concello ambos os dous trazados coincidentes e non presentando modificación ningunha


No cruzamento do Camiño coa Autovía a-6 á altura de Couto de Xanrozo estableceuse un trazado de camiño con vestixios históricos a xeito de cautela no tramo desaparecido polas obras de construción do viario.

TRAMO SAN MARTIÑO DE TIOBRE- IGREXA DA NOSA SEÑORA DO CAMIÑO



O trazado delimitado entre a igrexa de San Martiño de Tiobre e A Ponte Vella de Betanzos difire do trazado do ano 1997. Esta variación caracterízase pola recuperación do paso do Camiño pola igrexa de Nosa Señora dous Remedios ou do Camiño definindo unha ruta moito máis directa que a actualmente en uso.

Este itinerario dedúcese de varios documentos, como o plano de Betanzos de mediados do século XIX, que mostra o dicionario de Madoz. Nel móstrase como principal acceso á vila dende a zona norte, os camiños que chegan ao cemiterio e ao Santuario de Nosa Señora do Camiño e o procedente de Ferrol. Tamén Francisco Vales Villamarín (1891-1982), que foi Cronista Oficial de Betanzos, describe o acceso do Camiño Inglés dende Tiobre pasando polos muíños de Caraña de Arriba -mesmo menciona esta ruta como posible vía militar romana- e continuando xunto ao cemiterio para chegar ao citado santuario



No primeiro tramo á altura da Igrexa de San Martiño de Tiobre o trazado delimitado difire do do ano 1997, que toma dirección sueste atravesando varios terreos ata chegar á estrada veciñal que une a zona de Tiobre con Caraña discorrendo na súa primeira parte por terreos de terreos privados onde non existen referencias de ningún camiño nin en cartografía, nin en ortofotos nin catastro. O trazado proposto une a Igrexa de San Martiño de Tiobre co núcleo de O Barral.



Neste segundo tramo de camiño, conéctase o núcleo de O Barral con A Ponte Vella de Betanzos. O trazado proposto difire do do ano 1997 en canto este último descende cara a Betanzos pasando por Caranza do Medio, mentres que as referencias históricas, como xa se comentou previamente, indican que o Camiño descendía cara a Caranza de Arriba para posteriormente dirixirse á igrexa de Nosa Señora dous Remedios ou do Camiño e entrar en Betanzos cruzando A Ponte Vella.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O trazado ao seu paso por Betanzos pódese dividir en dous sectores: o tránsito pola capital betanceira e o resto. No que se refire á travesía por Betanzos, simplemente hai que mencionar que en todo momento a ruta discorre por rúas, prazas e pontes pertencentes á zona urbana, sen presentar ningunha dificultade para o peregrino. No paso pola zona histórica da vila predomina o pavimento empedrado ou lastrado, xeralmente en aceptable estado de conservación.

O resto do trazado polo termo municipal apóiase en pistas e pequenas estradas asfaltadas. O estado de conservación destas é irregular. Algúns tramos presentan un firme deficiente con grava solta, como sucede na parroquia de San Martiño de Tiobre e no tramo final no ámbito de Xanrozo.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	1.9	26.7%	1.4%
	Mala	3.9	54.0%	2.7%
	Media	1.0	14.0%	0.7%
	Boa	0.2	2.9%	0.1%
	Moi boa	0.2	2.4%	0.1%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
	Total xeral	7.2	100.0%	5.1%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



Conservación do Camiño		Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	2.2	30.0%	1.5%
	Regular	4.9	67.5%	3.4%
	Mala	0.2	2.5%	0.1%
Total xeral		7.2	100.0%	5.1%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito do Camiño Inglés presenta un trazado de norte a sur no concello de Betanzos, no que se interna polo seu cara norte, discorrendo paralelo na súa primeira parte ao río Mandeo, cunha anchura en xeral homoxénea, fóra dun ensanche que presenta ao oeste e co que abarca o núcleo de Betanzos Vello. Xusto antes de cruzar o río e entrar na zona urbana do núcleo principal de Betanzos, o ámbito reduce notablemente a súa anchura para axustarse ás parcelas máis inmediatas ao Camiño. Unha vez no centro histórico de Betanzos se ampla de novo para incluír a zona central orixinaria do mesmo na que abundan os elementos patrimoniais, entre outros a igrexa de Santiago ó o convento das Agustinas Recoletas a pé do río. Na súa saída cara ao sur pola Rúa de Rollo, discorre entre a avenida Jesús García Naveira e avenida de Castilla, abarcando as edificacións e parcelas que dan fachada ao Camiño. Tras cruzar o río recupera unha anchura similar á inicial, e penétrase de novo en zonas máis rurais, onde inclúe parcelas forestais e agrícolas. O último tramo do ámbito, tras cruzar a autovía do noroeste A-6, ensánchase nunha zona máis chaira na que predominan as parcelas de cultivo e agrícolas, e inclúese o núcleo de Xanrozo que atravesa o Camiño.

O ámbito non abarca a totalidade do trazado do Camiño, de maneira que ao chegar ao núcleo histórico de Betanzos vese interrompido polo ámbito do Plan Especial de Protección e Ordenación do Centro histórico.

Ao longo do concello, a delimitación do ámbito atravesa as parroquias de Tiobre (San Martiño), Betanzos e Requián (Santiago). Dos núcleos que se inclúen no ámbito, destaca o núcleo histórico de Betanzos, atopándose tamén incluídos os núcleos de Gas, San paio, Betanzos o Vello, Caraña de Arriba, Caraña de Abaixo, Cascas, O Coro e Xanrozo.

O bordo oeste do ámbito entra no concello de Betanzos ao oeste del núcleo de Gas, entre parcelas de cultivo, atravesando algo máis adiante una zona de arboredo. Discorre de norte a sur, entre medio do trazado do propio Camiño e a estrada N-651. Tras as zonas boscosas o límite de novo cruza zonas de cultivos e ábrese cara ao oeste para rodear e incluír no ámbito o núcleo de Betanzos O Vello. Unha vez pasado o núcleo volve orientarse cara ao leste achegándose ao trazado do Camiño e, dirixíndose ao sur até a estrada secundaria AC-0906, continúa polo Camiño do Refoxo, ao oeste do cemiterio municipal, até cruzar de modo perpendicular a Rúa Saavedra Meneses que dá entrada ao trazado ao núcleo de Betanzos, así como o cambio de parroquia á de Betanzos. Neste punto o límite vese cortado polo ámbito do Plan Especial e continúa ao sur do mesmo pola Avenida Linares Rivas para dirixirse fora do núcleo de maneira paralela á rúa do Rolo a través das mazás e parcelas que dan fachada ao Camiño.

Tras saír do propio núcleo de Betanzos continúa polo Camiño Estación, xa na parroquia de Requián (Santiago), pasando ao leste do núcleo de O Farragoto, e entra de novo en zona boscosa de monte. Continúa cara ao sur realizando un crebo cara ao leste coa finalidade de esquivar o polígono industrial existente ao oeste, e cruzar finalmente a Autovía do noroeste A-6. O último tramo ensánchase cara ao oeste, coincidindo cunha zona máis chaira do territorio onde se sitúa o núcleo de Xanrozo. Aquí o límite discorre por estradas secundarias e camiños agrícolas, abríndose no último tramo notablemente cara ao oeste case até o Castelo de Porcas onde cruza ao concello de Abegondo.

Ou límite do ámbito polo leste entra no concello de Betanzos a través dun camiño entre parcelas agrarias deixando ao oeste o núcleo de Gas para continuar ben por camiños ó ben por estradas secundarias até o núcleo de Caraña de Arriba. Co mesmo tipo de trazado continúa de maneira diagonal achegándose máis ao trazado do Camiño no núcleo de Caraña de Abaixo, na parte sur do cemiterio, xunto á Igrexa da Nosa Señora dos Remedios. Desde ese punto acompaña en paralelo á estrada, pola parte traseira das parcelas que teñen fachada ao trazado do Camiño, e a través da Ponte Vella de Betanzos cruza o río Mandeo cara ao núcleo de Betanzos.

Do mesmo xeito que o límite oeste, neste punto atópase co ámbito do Plan Especial de Protección e Ordenación do Centro histórico e vese interrompido. Continúa unha vez pasado o núcleo histórico abandonándoo en primeiro lugar a través de mazás de edificios e de parcelas agrícolas despois ao leste da Rúa de Rolo. Un pouco máis adiante o límite cambia á parroquia de Requián (Santiago) e discorre paralelamente á estrada de Betanzos a Melide e na súa maioría a través de zonas boscosas. Xusto antes de atravesar a Autovía do Noroeste A-6 o límite cónguese ao trazado do ferrocarril, e unha vez atravesada a autovía desvíase cara ao oeste acercándose máis ao trazado do Camiño, e continuando paralelo ao mesmo e por parcelas agrícolas e edificadas á altura do núcleo de Xanrozo. Finalmente e no seu último tramo, o bordo este de o ámbito realiza unha forma semicircular para rodear o Castro de Xanrozo / Coto da Bouza saíndo finalmente do concello cara ao oeste.



6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Pazo do Barral	O Barral	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.692	4.793.639
Conxunto tradicional na Rúa	A Rúa nº 1	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.918	4.794.769
Fonte en San Paio	San Paio	Tiobre (San Martiño)	Elementos etnográficos	564.868	4.794.226
Fonte de Betanzos o Vello	Betanzos O Vello	Tiobre (San Martiño)	Elementos etnográficos	564.498	4.793.668
Ponte Vella de Betanzos	Betanzos	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.302	4.792.578
Casa do Pobo	Rúa Travesa	Betanzos	Arquitectura civil	564.197	4.792.253
Casa en Rúa Rollo (I)	Rúa Rollo, nº 5	Betanzos	Arquitectura civil	564.166	4.792.268
Casa en Rúa Rollo (II)	Rúa Rollo, nº 8	Betanzos	Arquitectura civil	564.158	4.792.251
Casas en Rúa Rollo (I)	Rúa Rollo, nº 14 e 16	Betanzos	Arquitectura civil	564.169	4.792.215
Casas en Rúa Rollo (II)	Rúa Rollo, nº 36 e 38	Betanzos	Arquitectura civil	564.145	4.792.034
Ponte das Cascas	As Cascas	Betanzos	Arquitectura civil	564.015	4.791.814
Casas das Cascas (I)	As Cascas	Betanzos	Arquitectura civil	564.053	4.791.703
Casa das Cascas (I)	As Cascas, nº 32	Betanzos	Arquitectura civil	564.000	4.791.769
Casa das Cascas (II)	As Cascas, nº 34	Betanzos	Arquitectura civil	564.005	4.791.761
Casas das Cascas (II)	As Cascas, nº 46	Betanzos	Arquitectura civil	564.027	4.791.741
Peregrino en Aquagest	O Coto	Betanzos	Varios	563.918	4.791.214
Ponte do Tren no Coto	O Coto	Betanzos	Arquitectura civil	563.632	4.790.780
Casa en Xanrozo (I)	Xanrozo (fronte ao nº 7)	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	563.218	4.789.975
Casa en Xanrozo (II)	Xanrozo	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	563.141	4.789.974
Casa en Xanrozo (III)	Xanrozo, nº 12	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	563.184	4.789.815
Casa en Xanrozo (IV)	Xanrozo, nº 44	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	563.007	4.789.811
Casa en Xanrozo (V)	Xanrozo, nº 46	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	562.990	4.789.809
Casa en Xanrozo (VI)	Xanrozo, nº 48	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	562.981	4.789.806
Casa en Xanrozo (VII)	Xanrozo, nº 50	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	562.964	4.789.792
Vivenda con forno e hórreo en Xanrozo	Xanrozo	Requián (Santiago)	Arquitectura civil	563.096	4.789.973
Hórreo en Xanrozo	Xanrozo, nº 63	Requián (Santiago)	Elementos etnográficos	562.628	4.789.523
Hórreo en Xanrozo (I)	Xanrozo	Requián (Santiago)	Elementos etnográficos	562.803	4.789.551
Hórreo en Xanrozo (II)	Xanrozo	Requián (Santiago)	Elementos etnográficos	562.610	4.789.880
Hórreo en Xanrozo (III)	Xanrozo	Requián (Santiago)	Elementos etnográficos	562.745	4.789.655
Hórreo de Xanrozo	Xanrozo	Requián (Santiago)	Elementos etnográficos	562.612	4.789.558
Barrios dos Remedios e da Ponte Vella	A Ponte Vella	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.380	4.792.636
Capela de San Bartolomeu	San Paio	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura relixiosa	564.888	4.794.176

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Casa no Barrio da Ponte	Rúa Saavedra Meneses nº 4	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.405	4.792.740
Casa en San Paio (I)	San Paio nº 18	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.876	4.794.156
Reitoral de Tiobre	Rúa Saavedra Meneses nº 11	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.371	4.792.680
Casa e pombal	O Barral	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.691	4.793.601
Cemiterio municipal de Betanzos	Caraña de Arriba nº 57	Tiobre (San Martiño)	Elementos etnográficos	564.600	4.792.895
Conxunto de vivendas (II)	Caraña de Arriba	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.815	4.793.221
Cruceiro da Nosa Señora do Camiño en Tiobre	Rúa da Nosa Señora do Camiño s/n	Tiobre (San Martiño)	Elementos etnográficos	564.600	4.792.847
Cruceiro na Rúa Saavedra Meneses	Rúa Saavedra Meneses	Tiobre (San Martiño)	Elementos etnográficos	564.400	4.792.735
Fonte dos Remedios	Rúa da Nosa Señora do Camiño s/n	Tiobre (San Martiño)	Elementos etnográficos	564.594	4.792.844
Igrexa da Nosa Señora dos Remedios ou do Camiño	Rúa da Nosa Señora do Camiño s/n	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura relixiosa	564.617	4.792.864
Igrexa de San Martiño de Tiobre	As Torres	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura relixiosa	564.864	4.793.929
Muíño en Caraña de Arriba	Caraña de Arriba nº 28	Tiobre (San Martiño)	Elementos etnográficos	564.949	4.793.228
Núcleo de Betanzos O Vello	Betanzos O Vello	Tiobre (San Martiño)	Arquitectura civil	564.489	4.793.809
Castro de Xanrozo/Coto da Bouza.	Xanrozo.	Requián (Santiago).	Castro/Asentamento fortificado.	562.805	4.789.364
Betanzos Vello.	Betanzos Vello.	Tiobre (San Martiño).	Asentamento.	564.829	4.793.906



7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067




068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102




103



104



105



106



107



108



109



110



111



112



113



114



115



116



117



118



119



120



121



122



124



125



126



127



128



129



130



131



132



133



134



135



136



137



138



139



140



141



142



143



144



145



146



147



148

8. ANEXO PLANOS